



COMEDOR E TRANSPORTE ESCOLAR PARA O VINDEIRO CURSO 2021/2022

Segundo a Orde de 12 de marzo de 2013 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o alumnado con garantía de permanencia no centro docente que non teña que formalizar matrícula, deberá manifestar expresamente mediante escrito dirixido a este ao longo do **mes de abril de cada ano**, que solicita utilizar os servizos complementarios de comedor e/ou transporte escolar.

Achegámoslles a **solicitud de comedor e de transporte escolar** para o vindeiro curso **2021/2022**. Se están interesados, deben presentala na administración do centro **ata o 30 de abril, excepto** alumnado que se matricule en 4º curso de Educación Infantil (3 anos) ou 1º de Educación Primaria.

Lembren acompañar a solicitude coa copia da documentación que corresponda según do caso:

- **Usuario de transporte escolar sen servizo a mediodía: NON PRECISA** OUTRA DOCUMENTACIÓN (certificado familiar do padrón municipal que se pedirá ao concello)
- **Usuario en situación socioeconómica desfavorable: INFORME** dos servizos sociais do Concello.
- **Usuario cunha discapacidade** igual ou superior ao 33%: **CERTIFICADO** de minusvalidez.
- **Familias numerosas: TÍTULO DE FAMILIA NUMEROSA**
- Se os **pais traballan e non teñen horarios compatibles coa saída do alumnado:** **CERTIFICADO** de horario con selo e asinado pola empresa.
- **TRABALLADORES AUTÓNOMOS: CERTIFICADO** de alta e último recibo aboado.

LEXISLACIÓN QUE SE APLICA

Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación

A dirección

AS FAMILIAS QUE SAIAN NAS LISTAXES DE ADMITIDOS TERÁN QUE PRESENTAR AUTODECLARACIÓN DE INGRESOS PARA TER A BECA COMEDOR ANTES DO INICIO DO CURSO.